

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE INGLÉS DE 6º CURSO DE PRIMARIA

## **INDICE**

1. OBXECTIVOS DO CURSO
2. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE
3. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN
4. ACTIVIDADES TIPO
5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA
6. AVALIACIÓN
  - 6.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
  - 6.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
9. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR E DE FOMENTO DA LECTURA
10. ACCIÓNS PREVISTAS PARA A INTEGRACIÓN DAS TICS
11. CONTIDOS DE TRATAMENTO TRANSVERSAL: VALORES, ACTITUDES E ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA
12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LINGÜÍSTICO
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
14. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE, PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

## 1. OBXECTIVOS DO CURSO

- Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas, cun léxico de uso moi frecuente.
- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
- Interactuar en situación reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, con frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores tipo and, or, then, but.
- Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en temas do seu interese, cunha pronuncia adecuada.
- Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral.
- Recoñecer os signos ortográficos básicos, así como os símbolos frecuentes.
- Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, para falar de si mesmo, do seu contorno máis inmediato e de aspectos da súa vida cotiá.
- Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas.
- Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situación de aprendizaxe en grupo.
- Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as función comunicativas propias do seu nivel.
- Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.

## 2. MINIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

- Comprender o sentido xeral e a información máis relevante de narracións breves con estruturas simples e léxico cotián referido a comidas, países, animais, roupa, deportes, lugares da cidade, articulados con claridade.
- Producir textos orais breves moi sinxelos cunha pronuncia comprensible.
- Participar en situacións reais de comunicación previamente preparadas e ensaiadas, respondendo a preguntas sobre temas do seu interese.
- Comprender información básica de textos escritos sinxelos con apoio visual relacionados con temas traballados previamente de forma oral.
- Elaborar textos propios moi sinxelos, compostos de frases simples illadas a partir dun modelo traballado previamente para falar de si mesmo, do seu contorno máis inmediato e de aspectos da súa vida cotiá.
- Expresar noicións básicas relativas a acción cotiás e de lecer seguindo modelos.

- Comprender indicacións e ordes.
- Comprender e usar a maior parte do vocabulario básico dos temas tratados.
- Presentar os traballos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía adecuada á súa idade.
- Amosar curiosidade pola lingua inglesa e pola súa cultura.

### 3. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

Comúns ás diversas unidades didácticas e polo tanto ós tres trimestres:

- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións.
- Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoo adecuadamente e axustándose, se é o caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou paratextuais.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais).

Funcións comunicativas:

- Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións.
- Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.
- Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.
- Narración de feitos pasados remotos e recentes.
- Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
- Establecemento e mantemento da comunicación.

Patróns gráficos e convencións ortográficas:

- Interese polo lectura dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético, correcta grafía e ortografía.
- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Interese pola presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético e empregando a correcta grafía e ortografía.

### TEMPORALIZACIÓN

#### 1º TRIMESTRE

No primeiro trimestre de este curso adicaremos un tempo a reforzar os estándares que, debido a Covid19, non quedaron suficientemente traballados.

#### Unidade introdutoria

- Welcome back to the Tiger tracks Social Learning Network. Active vocabulary: Wales, New Zeland, Jamaica, Ireland, England, Canada.

Sporty, artistic, scientific, creative, imaginative, techy, musical, adventurous.

- Active structures: What type of person are you? What are you interested in? What do you want to do in the future?

### Primeira unidade

- In your free time. Active vocabulary: go to pop concerts, do puzzles, collect things, play the drums, juggle, use the internet, make things, play chess, go fishing, practise a foreign language. Letters of an alphabet, characters, gender, conjugate verbs, Japanese, Welsh
- Active structures: I like (swimming). She likes (playing the drums). I don't like (going fishing). He doesn't like (juggling) Do they like (playing chess)? Does he like (doing puzzles)?

### Segunda unidade

- Geographical wonders. Active vocabulary: volcano, glacier, cliff, waterfall, mountain range, cave, rainforest, desert, island, valley, base, summit, volcanic rock, lava, eruption, magma.
- Active structures: Wich is (the highest mountain) in the world? The (Amazon) is (the widest river) in the world. I'm (the tallest) person in my family. We're (the most intelligent) people in our class. Are you the (oldest)?

## **2º TRIMESTRE**

### Terceira unidade

- Recipes and food. Active vocabulary: Coconuts, salt, coffee, spices, beans, citrus fruits, rice, honey, sugar, olives, medicines, cork, oxygen, chewing gum, paper, natural rubber.
- Active structures: There is an egg. There are some apples. There are some eggs. There aren't any apples. There is some flour. There isn't any rice. Is there an egg? Are there any apples? Yes, there is/are. No there isn't/ aren't. Is there any flour? Yes there is/ No, there isn't.

### Cuarta unidade

- Around the city. Active vocabulary: airport, nical garden, sports stadium, post office, port, bank, theme park, shopping centre, main square, tourist information office. Wifi zone, online shopping, app, go online, chat, smartphone.
- Active structures: Where were you at three o'clock? Where was he at half past four? I was at the airport at quarter past two. You weren't at the airport. Was he at home? Yes, he was/ No, he wasn't. Were they at the bank? Yes, they were./ No they weren't.

### Quinta unidade

- Ingenious inventions. Active vocabulary: light bulb, stamps, umbrella, dishwasher, plasters, papaer clip, microwave, microscope, bilingual dictionary, digital thermometer. Image, flat screen, clear, televisión programmes, channels, at the beginning of the 20th century.
- Active structures: Where did you live? What did they do? When did she die? Did he discover vaccination? Yes, he did./ No, he didn't. He invented televisión. She didn't live in England.

### **3º TRIMESTRE**

#### Sexta unidade

- Helping people. Active vocabulary: do the washing up, put your clothes away, make your bed, tidy up, clean the Windows, take out the rubbish, feed the pets, water the plants, sweep the floor, wash the car. Retirement home, charity, pick up litter, elderly neighbour, walk the dog, pensioner.
- Active structures: I took out the rubbish. He did the washing up. I didn't sweep the floor. He didn't water the plants. Did you make your bed? Yes, I did. No, I didn't.

#### Sétima unidade

- A camping trip. Active vocabulary: waterproof jacket, blanket, sleeping bag, tent, torch, first aid kit, towel, toothbrush and toothpaste, penknife, map and compass. Hailstorm, thunder, lightning, weather forecast, tornado, heatwave.
- Active structure: I'm going to study new subjects. He's going to make new Friends. They're going to have new teachers. I'm not going to play football. He isn't going to read a book. Is she going to go to a concert? Yes, she is. / No, she isn't.

### **4. ACTIVIDADES TIPO**

Para o desenvolvemento dos contidos e das competencias clave levaranse a cabo actividades dos seguintes tipos:

#### Para o bloque 1: Comprensión de textos orais

- Elaboración de diálogos.
- Práctica de instrucións, indicacións e peticións na clase.
- escoita de textos, cancións, rimas, historias e diálogos para despois contestar preguntas, completar resumos ou elaborar outros similares.
- Identificar palabras deletreadas.

#### Para o bloque 2: Producción de textos orais

- Elaboración de diálogos e pequenos textos descritivos ou narrativos individualmente, en parellas ou grupos.
- Cantar cancións.
- Repetir rimas ou chants.
- Facer xogos co vocabulario básico: dicir a palabra que falta. Recordar a orde das palabras, averiguar a frase...

#### Para o bloque 3: Comprensión de textos escritos

- Ler textos de diverso formato: diálogos, mensaxes de correo electrónico, historias...
- Responder preguntas sobre o texto lido.

- Completar resumos.
- Ordenar as frases dun resumo.
- Completar actividades de verdadeiro ou falso.
- Unir preguntas e respostas.
- Unir frases con imaxes.

#### Para o bloque 4: Producción de textos escritos

- Escribir o vocabulario debaixo das imaxes.
- Escribir diálogos, mensaxes de correo electrónico, descrições ou pequenos textos seguindo un modelo
- Completar formularios.
- Contestar preguntas sobre unha imaxe.
- Ordenar letras para formar palabras.
- Ordenar palabras para formar frases.

#### Para o bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

- Ler textos sobre aspectos culturais propios dos países de lingua inglesa.
- Buscar información sobre aspectos culturais propios dos países de lingua inglesa.
- Practicar convencións típicas de esta lingua.
- Resolver encrucillados e sopas de letras.
- Ilustrar un texto.
- Colorear seguindo as indicacións dun texto.
- Clasificar palabras/frases.
- Completar táboas ou esquemas con información obtida preguntando ou lendo.
- Ordenar debuxos segundo o que de escoita.
- Corrixir textos de acordo cunha imaxe ou un texto.

### **5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

Segundo o protocolo establecido pola Covid19, en caso de confinamento usaremos as plataformas dixitais dos libros de inglés.

No caso de 6º de Primaria a plataforma sería Tiger.Macmillan.es .

A metodoloxía estará baseada nos seguintes principios metodolóxicos:

- Fomentar a motivación do alumnado cara á aprendizaxe, favorecendo que teña un papel máis activo e autónomo.
- Coñecer o nivel de desenvolvemento psicolóxico dos alumnos para partir del.
- Favorecer a creación de procesos de aprendizaxe significativos.

Estes principios serven de base ós puntos concretos que se traballarán na metodoloxía:

- Preténdese manter a súa curiosidade natural do alumno, alimentala e xerar neles o desexo de coñecer cousas novas. Ademais, aproveitarase a necesidade de comunicación para introducilos na competencia comunicativa noutra lingua.
- A linguaxe, a través das actividades, presentarase nun contexto próximo ao alumno, aos seus intereses e experiencias, facendo énfase no propósito comunicativo da nova lingua.
- Tratarase de expor o alumno a unha grande variedade de experiencias. Isto favorecerase a través de cancións, textos, xogos, historias, chants.
- Para o desenvolvemento das diversas competencias fomentarse a adquisición das destrezas e o coñecemento necesarios para lograr a autonomía na propia aprendizaxe e conseguir un ambiente de traballo positivo e cooperativo, utilizando diversos tipos de agrupamento e dando pautas para o traballo autónomo.

Aínda que o obxectivo a longo prazo é o desenvolvemento equilibrado das catro destrezas básicas, neste curso traballarase en maior grado a expresión e comprensión oral.

O vocabulario básico estará agrupado por unidades didácticas e cada unidade didáctica desenvolverase unha historia, na que se introducen as palabras e expresións novas que se traballarán tamén por medio de cancións, chants, xogos e outro tipo de actividades.

Este vocabulario básico será revisado e reciclado sistemáticamente mediante actividades variadas para asegurarse da súa interiorización e da asimilación da pronunciación, o que sentará as bases para unha expresión comprensible desde o principio.

Potenciarase o desenvolvemento das Competencias Clave, aínda que non todas coa mesma intensidade.

## **6. AVALIACIÓN**

### **6.1. Procedementos de avaliación**

Realizarase unha avaliación continua para detectar os progresos e dificultades, e buscar as formas de intervención axustadas ás necesidades concretas de cada alumno.

A avaliación que levaremos a cabo constará dos seguintes momentos:

- Avaliación inicial, para coñecer o punto de partida.
- Avaliación formativa, para coñecer os logros e dificultades no momento mesmo de producirse.
- Avaliación final, para coñecer o nivel alcanzado ó termo de cada momento de ensino-aprendizaxe.

Para a recollida de información desta avaliación continua utilizaremos:

- Observación directa e sistemática do alumnado
- Seguimento dos traballos realizados
- Comprobación da participación nas actividades
- Entrevistas ou diálogos directos cos alumnos, en xeral ou de forma particular.
- Rexistro dos datos



Empregaranse os instrumentos de avaliación expostos no seguinte punto.

## 6.2. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
<p><b>Bloque 1</b></p> <p>- Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.</p>	<p>- Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).</p> <p>-Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).</p> <p>-Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.</p>	<p>CCL CAA</p> <p>CCL CAA</p> <p>CAA</p>	<p>-Probas de listening dalgúns destes tipos:</p> <p>Verdadeiro/Falso</p> <p>Rodear a palabra correcta</p> <p>Elixir o debuxo correcto</p> <p>Ordenar debuxos</p>	<p>O total do valor dos exercicios será un 20% do total da nota.</p>

<p><b>Bloque 2</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación.</li> <li>▪ Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da</li> </ul>	<p>- Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.</p>	<p>CCL CAA</p>	<p>Lectura de textos</p> <p>Realización dun diálogo ou presentación breve</p> <p>Proba oral de vocabulario</p> <p>Uso do idioma estranxeiro na aula</p>	<p>10% do total da nota da avaliación</p> <p>10% do total da nota da avaliación</p> <p>10% do total da nota da avaliación</p> <p>10% da nota: Sempre 10% Habitualmente 7% As veces 3% Nunca 0%</p>
--	--	--------------------	---	--

<p>primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere</p>				
<p><b>Bloque 3</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.</li> <li>▪ Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</li> </ul>	<p>-Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.</p> <p>-Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.</p> <p>-Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).</p>	<p>CCL CAA</p> <p>CCL CAA</p> <p>CCL CAA</p>	<p>-Proba escrita con tarefas do tipo:</p> <p>Ler e rodear verdadeiro ou falso</p> <p>Ler e colorear</p> <p>Ler e debuxar</p>	<p>Indícase na proba o valor de cada tarefa, o total será dun 10% da nota final</p>

<p><b>Bloque 4</b></p> <p>- Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p> <p>-Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</p>	<p>-Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>	<p>-Elaboración de textos breves</p> <p>-Proba escrita con tarefas do tipo:</p> <p>Escribir palabras segundo a imaxe</p> <p>Contestar preguntas sobre un debuxo</p> <p>Elaborar frases</p> <p>Completar frases ou textos</p>	<p>10% do total da nota</p> <p>10% do total da nota</p>
<p><b>Bloque 5</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, “entón”, “pero”, “porque”)</li> </ul>	<p>-Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).</p> <p>- Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p>	<p>-Realización do traballo da aula e da casa</p>	<p>10% da nota :</p> <p>Sempre 10%</p> <p>Habitualmente 7%</p> <p>As veces 3%</p>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.</li> </ul>		CSC		Nunca 0%
---	--	-----	--	----------

## RESUMO DA VALORACIÓN DOS DISTINTOS BLOQUES NOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Bloque 1.Compreensión oral ----- 20%

Bloque2.Expresión oral-----40%

Bloque3.Compreensión escrita----- 10%

Bloque4.Expresión escrita-----20%

Bloque5.Coñecemento da lingua—10%

## 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto
- Aplicación NAVIO
- Tarxetas de vocabulario
- Contos
- Pósters
- DVD
- Internet
- Caderno de traballo
- Fichas de tarefas

## 8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Adoptaranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Agrupamento por niveis mixtos para que uns compañeiros poidan axudar os outros.Titoría entre iguais.

- Previsión de actividades para os que rematan antes as tarefas: xogos de vocabulario, lecturas, busca de información en Internet...
- Maior tempo de atención individualizada cos que presentan maiores dificultades, mentres os demais traballan autónomamente.
- Adaptación e simplificación de actividades para os que teñen un ritmo máis lento.

## **9. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR E DE FOMENTO DA LECTURA**

Ademais do traballo de lectura que se fai habitualmente na clase de acordo coas posibilidades deste curso, téñense previsto as seguintes accións:

- Adquisición de máis libros en inglés para a biblioteca do centro e promoción entre o alumnado da posibilidade de préstamo na biblioteca de libros nesta lingua.
- Formación dunha pequena biblioteca de aula con materiais axeitados ó curso.

Tamén se levarán a cabo actividades do tipo:

- Lectura de textos en voz alta.
- Lectura dramatizada de historias.
- Lectura de dramatizada de diálogos.
- Lectura rápida para buscar información en textos de diverso formato e orixe.
- escoita de textos, historias e diálogos lidos por nativos, polo profesor ou por outros alumnos.

## **10. ACCIÓNS PREVISTAS PARA A INTEGRACIÓN DAS TICS**

Coa aprobación do proxecto de educación dixital para 6º, este curso académico farase un uso intensivo das Tics neste nivel académico.

Os alumnos traballaran parte do tempo cos seus netbooks. Utilizarase Internet para a búsqueda de información, significados, respostas a preguntas sobre un tema e a comunicación. Tamén se utilizarán recursos dixitais para moitas das actividades da clase:

- Historias, cancións, rimas e chants
- Actividades de listening
- Actividades de práctica de vocabulario: unir, completar
- Puzles

## **11. CONTIDOS DE TRATAMENTO TRANSVERSAL: VALORES, ACTITUDES E ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA**

Promoveranse os seguintes valores e actitudes:

- Educación e respecto na lingua estranxeira.
- Esfuerzo co vocabulario e estruturas novos.
- Interese e respecto cara ás opinións dos compañeiros, a súa lingua materna, acento, orixe, etc.
- Superar o bloqueo mental cando se coñece novos falantes da lingua estranxeira.
- escoita atenta e mostrando seguridade.
- Uso da lingua estranxeira na clase.

Ademais dunha ou outra forma en todas as unidades se tratan temas relacionados coa educación moral e cívica, a educación ambiental, a educación para a tolerancia, a educación para a igualdade de ambos os dous sexos, a educación para a saúde e a educación para o ocio.

## **12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LINGÜÍSTICO**

Traballaranse durante o curso o vocabulario e expresións máis habituais na aula, para fomentar o seu uso.

Realizaranse actividades orais variadas: cancións, diálogos dramatizados, exposicións orais.

Traballaranse aspectos comúns tamén ás linguas cooficiais: como redactar diversos tipos de textos, lecturas con diversos obxectivos (comprensión global, busca de información concreta)

## **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Na asignatura de inglés traballaranse algúns dos aspectos culturais comúns ós países de fala inglesa e España e outros específicos dos países de fala inglesa que tamén se empezan a introducir aquí, comparando as semellanzas e diferenzas entre as dúas culturas.

A maioría das celebracións traballaranse na aula, aínda que nalgún caso se realice tamén algunha actividade complementaria ó traballo da clase. Prevense as seguintes actividades:

- Halloween: participación na elaboración de cabazas e debuxos.
- Nadal: elaboración de tarxetas de felicitación.
- Entroido: colaboración nas actividades do centro para conmemorar esta celebración

Se durante o curso xurdise algunha actividade non prevista de interese para os obxectivos desta materia tamén se levaría a cabo.

## **14. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Teranse en conta estes criterios:

- Consecución dos obxectivos establecidos para cada curso.
- Adecuación dos contidos ó curso.
- Eficacia da metodoloxía empregada.
- Utilidade dos materiais e recursos didácticos empregados.
- Posibilidade de realización de tódalas accións previstas.
- Realizarase un proceso continuo de avaliación da programación segundo os resultados obtidos no traballo diario cos alumnos e realizaranse os cambios e adaptacións en canto a contidos e metodoloxía que sexan necesarios e se poidan levar a cabo.
- Asimismo, segundo os resultados finais dos alumnos, verase a conveniencia e posibilidade de cambiar para o seguinte curso os materiais e recursos didácticos empregados.

Previsión para o curso	Desenvolvemto do curso	Obxectivos non acadados	Posibles causas	Medidas correctoras
Primeira Unidade _Setembro				
Segunda unidade__ Outubro-Novembro				
Terceira unidade_Decembro				
Cuarta unidade__Xaneiro- Febreiro				
Quinta unidade__Marzo				
Sexta unidade_Abril				
Sétima unidade__Maio- Xuño				

Utilizarase a seguinte táboa de seguimento: